



CONSULTA PÚBLICA PREVIA Á ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DO SERVIZO DE “COMEDORES SENIOR” DO CONCELLO DE FERROL

ANTECEDENTES

O Concello de Ferrol prestou durante anos o servizo de “ Comedores Senior” dirixido a persoas de máis de 65 anos como un servizo que tiña como principal obxectivo paliar a soidade das persoas maiores e socializar na hora de xantar con outras persoas en situacións similares.

Durante a pandemia do COVID, o servizo (5 comedores en outro tantos barrios da cidade) se veu interrompido e, posteriormente, a empresa adxudicataria manifestou a súa vontade de non renovar o contrato por múltiples razóns.

É vontade da concellería de Política Social e Inclusión voltar a poñer en marcha a prestación do servizo de comedores senior ten como obxecto a prestación dun servizo de catering dirixido ás persoas maiores para a mellora do benestar e calidade de vida potenciando un envellecemento saudable, facilitando unha alimentación adecuada e procurar un espazo relacional e vínculos de amizade coa comunidade

PROPÓSITOS E OBXECTIVOS DA NORMA

O obxectivo do regulamento proxectado é desenvolver, no ámbito competencial do Concello de Ferrol, unha normativa que permita proporcionar ao programa de “Comedores Senior” un marco de seguridade xurídica desexable, isto é dotar ao servizo dun marco normativo específico estable, completo e transparente que, entre outras cuestións, regule os dereitos e deberes das persoas usuarias así como o contido, organización e financiamento do servizo.

NECESIDADE DA SÚA APROBACIÓN

A necesidade da aprobación do regulamento ven motivada polo disposto no artigo 312 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e no artigo 33 do decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o regulamento de Servizos das Corporacións locais.

Non existe actualmente unha norma reguladora do servizo de “Comedores Senior” no Concello de Ferrol, polo que a elaboración e aprobación do regulamento é a única alternativa posible se se quere dotar a este servizo dun marco xurídico axeitado.

En cumprimento do artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que regula a participación dos cidadáns no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamento **INFÓRMASE QUE**

No prazo de 15 días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no portal web do Concello de Ferrol, os suxeitos e as organizacións máis representativas

potencialmente afectadas pola futura norma, poderán opinar sobre os aspectos sinalados no citado artigo 133.1 da Lei 39/2015.

Ferrol, a data da sinatura dixital

A concelleira delegada especial de Política Social e Inclusión